

PROTECCIÓN DE DATOS.- Para os efectos previstos no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro (BOE do 14-12-99), de protección de datos de carácter persoal, informámolo de que os datos consignados neste modelo serán incorporados ao ficheiro xeral de afiliación, regulado pola Orde do 27-07-1994. Con respecto aos citados datos poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación e cancelación, nos termos previstos na citada Lei orgánica 15/1999.

INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR O MODELO

XERAIS

- O documento deberá cubrirse a máquina ou con letras maiúsculas, sen emendas nin riscadas.
- Os espazos sobre fondo gris deberá cubrilos a Administración da Seguridade Social.

ESPECÍFICAS

1. DATOS DO SOLICITANTE: CUBRIRASE EN TODOS OS CASOS

- 1.1 Apelidos e nome:** indícanse os apelidos e o nome completos do/da traballador/a solicitante da alta/baixa ou variación de datos.
- 1.2 Número de Seguridade Social (NSS):** anótase o número de Seguridade Social ou número de afiliación do/da traballador/a.
- 1.3 Grao de minusvalía:** se o/a traballador/a é minusválido/a, indíquese o grao de minusvalía.
- 1.4 Tipo de documento identificador** (marque cunha "X"): documento nacional de identidade -DNI-, tarxeta de estranxeiro ou pasaporte.
- 1.5 Número de documento identificador:** reflectirase o número do documento identificador. Se se trata de tarxeta de estranxeiro, anótase o número de identificación de estranxeiro (NIE).
- 1.6 Domicilio:** fíxase constar o domicilio e o teléfono de residencia habitual do/da interesado/a. As denominacións do nome da vía pública e do municipio/entidade de ámbito territorial inferior ao municipio anótanse completas.

2. DATOS RELATIVOS Á SOLICITUDE

- 2.1 Causa da baixa/variación de datos:** se se trata dunha solicitude de **baixa**, indícanse a causa da citada baixa. No suposto de **variación de datos**, indícanse brevemente a causa desta e reflectirase, ademais, a citada variación no/s apartado/s correspondente/s da solicitude. O resto dos apartados non se cubrirán, agás, para os efectos identificadores : apelidos e nome, número de documento identificador e número de Seguridade Social.
- 2.2 Documento nacional de identidade (DNI), número de Seguridade Social (NSS), código de identificación fiscal (CIF) ou código de conta de cotización (CCC) do/da sucesor/a da actividade:** anótase, se é o caso, o identificador do/da sucesor/a ou continuador/a do negocio ou explotación comercial.

3. DATOS RELATIVOS Á ACTIVIDADE PROFESIONAL

- 3.1 Actividade económica/colexio profesional:** indícanse a actividade/es económica/s á que se dedica o/a traballador/a autónomo e, se é o caso, se o/a traballador/a para o exercicio da súa actividade necesita estar colexiado con carácter obrigatorio, o colexio profesional no que se atopa colexiado, neste caso marcarase cunha "X" o apartado correspondente do punto 3.5.
- 3.2 IAE -IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS-:** consignarase a clave do citado imposto.
- 3.3 Nome comercial:** se o negocio ou explotación comercial na que desenvolve a súa actividade o/a traballador/a ten un nome comercial ou anagrama, anótase este.
- 3.4 Domicilio:** indícanse o domicilio e teléfono onde se realiza a actividade. Se, polas súas características, non existise domicilio de desenvolvemento da actividade, deixará este apartado en branco.
- 3.5 Marcarase cunha "X" se o/a traballador/a está comprendido nalgún dos supostos indicados.**
 - FAMILIAR COLABORADOR DO TITULAR DA EXPLOTACIÓN: cubrirase necesariamente o apartado 8 da segunda folia do modelo.
 - RELIXIOSO/A: cubrirase necesariamente o apartado 9 da segunda folia do modelo.
 - AUTÓNOMO/A INTEGRADO/A NUN COLEXIO PROFESIONAL: reflectirase no apartado 3.1 o nome do colexio profesional.
 - AUTÓNOMO/A CON ACTIVIDADE AGRARIA: indícanse o valor catastral do imposto de bens inmobles rústicos que teñen as terras nas que realiza a actividade autónoma.
 - MEMBRO DO ÓRGANO DE ADMINISTRACIÓN DUNHA SOCIEDADE MERCANTIL CAPITALISTA E FAMILIAR DE SOCIO DE SOCIEDADE MERCANTIL CAPITALISTA: cubriranse, así mesmo, os apartados 11 e 12 da segunda folia do modelo.
 - MINUSVÁLIDO CON PROXECTO DE AUTOEMPREGO: cubrirase necesariamente o apartado 1.3 da primeira folia do modelo.
 - TRABALLADOR/A DE TEMPADA: no suposto de que o solicitante preveña con antelación o cesamento na actividade que motiva a solicitude de alta, consignarase a data prevista de tal cesamento. Cubrir este apartado non exige da obriga de solicitar a baixa no réxime especial no prazo dos seis días seguintes ao cesamento na actividade.
 - MULLER REINCORPORADA AO TRABALLO DESPOIS DA MATERNIDADE: indícanse se se trata de traballadora que cesase na súa actividade por conta allea ou propia, por razón da maternidade e desfrutando de período de descanso correspondente, e que volve a realizar unha actividade por conta propia, e solicita a alta neste réxime, no prazo máximo de dous anos seguintes á data do parto.
- 3.6 Marcarase cunha "X" se o/a traballador/a está incluído nalgún dos tipos de sociedade seguintes.**
 - COOPERATIVA DE TRABALLO ASOCIADO: cubriranse os apartados 10 e 12 da segunda folia do modelo.
 - SOCIEDADE COLECTIVA OU COMANDITARIA: cubrirase o apartado 12 da segunda folia do modelo.
 - COMUNIDADE DE BENS OU SOCIEDADE CIVIL: cubrirase o apartado 12 da segunda folia do modelo.
 - SOCIEDADE MERCANTIL CAPITALISTA: cubriranse os apartados 11 e 12 da segunda folia do modelo.
 - NOVA EMPRESA: cubriranse os apartados 11 e 12 da segunda folia do modelo.
- 3.7 Actividade económica da sociedade:** no caso de autónomos membros de calquera tipo de sociedade, indícanse neste apartado a actividade económica desenvolvida pola sociedade, con independencia da actividade concreta que realice o propio traballador dentro da citada sociedade.
- 3.8 IAE -IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONÓMICAS-:** consignarase a clave do citado imposto correspondente á sociedade.

4. OPCIÓN

4.1. OPCIÓN CON RESPECTO Á BASE DE COTIZACIÓN

Marcarase cunha "X" a base de cotización elixida para efectuar o ingreso de cotas: a mínima, a máxima o unha intermedia entre calquera destas. No último caso -base intermedia- consignarase a base de cotización elixida.

- A base máxima ou mínima pola que se pode optar serán as vixentes no momento de solicitar a alta.
- No suposto de que, no momento da alta, o/a traballador/a teña cumprida a idade de 50 ou máis anos, a base máxima será a especificamente establecida para esta circunstancia.
- As variacións da base de cotización solicitaranse a través do modelo TA.4005.
- Os traballadores por conta propia ou autónomos que estean cotizando por calquera das bases máximas deste réxime especial poderán solicitar que, mentras manteñan a súa situación de alta, a súa base de cotización se incremente na mesma porcentaxe na que se aumenten as citadas bases máximas.
- Os traballadores por conta propia ou autónomos que non estean cotizando por calquera das bases máximas poderán solicitar que, mentras manteñan a súa situación de alta, a súa base de cotización se incremente automaticamente na mesma porcentaxe na que se aumenten as bases máximas de cotización neste réxime especial. En ningún caso, a base de cotización elixida poderá ser superior ao tope máximo de cotización que puidera afectarlle ao traballador.
- Calquera das opcións anteriores que se exercite simultaneamente coa alta neste réxime especial ou, posteriormente á alta, antes do día primeiro de outubro de cada ano, terá efectos desde o día 1 de xaneiro do ano seguinte á data da solicitude. A renuncia a esta opción poderá realizarse no mesmo prazo e terá efecto desde o 31 de decembro do ano no que se presente a solicitude.

4.2. OPCIÓN CON RESPECTO Á COBERTURA DA PRESTACIÓN ECONÓMICA POR INCAPACIDADE TEMPORAL DERIVADA DE CONTINXENCIAS COMÚNS

Marcarase cunha "X" se se acolle ou se renuncia á cobertura da prestación económica de incapacidade temporal por continxencias comúns.

Se opta por acollerse á cobertura da prestación económica de incapacidade temporal, debe indicar o nome da mutua de accidentes de traballo e enfermidades profesionais.

4.3. OPCIÓN CON RESPECTO Á COBERTURA DAS CONTINXENCIAS PROFESIONAIS [ACCIDENTES DE TRABALLO E ENFERMIDADES PROFESIONAIS]

Marcará cunha "X" se se acolle ou se renuncia á cobertura das continxencias profesionais. Só pode optarse pola cobertura das continxencias profesionais se optou por acollerse á cobertura da prestación económica de incapacidade temporal por continxencias comúns.

5.2. DATOS RELATIVOS AO AUTORIZADO DO SISTEMA RED

(Só no suposto de altas)

No suposto de que a solicitude cubra o autorizado do sistema RED, indicarse o nome e apelidos ou, se é o caso, razón social, e o número da autorización ao citado sistema RED.

7. DATOS PARA A DOMICILIACIÓN DO PAGAMENTO DE COTA

Mediante a domiciliación do pagamento de cotas á Tesourería Xeral da Seguridade Social efectuaralle unha orde de débeda ao seu banco ou caixa para o pagamento das súas cotizacións en período voluntario.

Esta domiciliación só é válida para o pagamento das cotizacións en período voluntario e regularizacións por variación dos tipos ou bases regulamentarios, nunca para o pagamento de atrasos.

O seu banco ou caixa cargaralle o importe na conta que vostede indicou e será o último día do mes a data na que precisa ter a provisión necesaria de fondos.

A Tesourería Xeral da Seguridade Social informarao do primeiro mes que lle será cargado en conta, e estará vostede obrigado ao pagamento das cotas mensuais anteriores a tal mes mediante o boletín de cotización correspondente que lle será subministrado pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

12. IDENTIFICACIÓN DA SOCIEDADE

Se a sociedade está inscrita na Seguridade Social e, en consecuencia, ten asignado código de conta de cotización principal, indicarse o CCC principal, código de identificación fiscal e razón social desta.

Se a sociedade non está inscrita na Seguridade Social, indicarse o código de identificación fiscal, razón social e datos de constitución desta, se se trata dunha sociedade que deba inscribirse en rexistros de carácter mercantil. En caso contrario, só anotará o código de identificación fiscal e a razón social.

DOCUMENTACIÓN QUE DEBE PRESENTAR

- **Orixinal e copia do documento identificador do/da traballador/a ante a Seguridade Social.** No suposto de variacións de datos contenidos no anterior documento, deberán presentar o orixinal do documento que acredite tal variación: documento nacional de identidade, tarxeta de estranxeiro ou pasaporte, dependendo do caso.
- **Orixinal e copia do permiso de traballo ou certificación da excepción ao citado permiso nas altas de traballadores de nacionalidade estranxeira que precisen tal permiso de traballo.**
- **Orixinal e copia de calquera documento ou medio de proba determinante da procedencia da alta, baixa ou variación de datos solicitados,** entre os que poderán encontrarse algún ou algúns dos seguintes documentos:
 - *Se se trata dun/ha traballador/a autónomo distinto aos colaboradores familiares de titulares de explotacións ou relixiosos da Igrexa Católica, comunicación de inicio de actividade na declaración censual da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou xustificante de ter aboado calquera outro imposto pola actividade desenvolvida, ou certificación de non aboar os citados impostos por estar exento destes.
 - *Se se trata dun/ha traballador/a autónomo colaborador familiar de titulares de explotacións, xustificante da relación de parentesco entre o solicitante e o titular da explotación (libro de familia).
 - *Se se trata dun/ha traballador/a familiar do socio dunha sociedade mercantil capitalista, xustificante da relación de parentesco entre o solicitante e o titular da explotación (libro de familia) e da convivencia entre eles.
 - *Se se trata dun/ha traballador/a autónomo minusválido, documento que acredite o grao de minusvalía e, se é o caso, resolución da Administración competente pola que se aproba o proxecto de autoemprego.
 - *Licenzas, permisos ou autorizacións administrativas que sexan necesarios para a actividade de que se trate.
 - *Documentación que acredite que o solicitante posúe a titularidade de calquera empresa individual ou familiar ou dun establecemento aberto ao público como propietario/a, arrendatario/a, usufructuario/a ou outro concepto análogo ou documento acreditativo do cesamento na dita titularidade.
- **Se se trata dun/ha traballador/a autónomo socio dunha sociedade inscrita, ou non, na Seguridade Social, orixinal e copia do documento de constitución da sociedade, debidamente inscrita no rexistro que, en cada caso, corresponda. No suposto de compoñentes de comunidades de bens ou sociedades civís, o contrato suscrito polos comuneiros ou socios.**